

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

2º e 4º E.S.O.

2º Bach.

Curso 2022-2023

Centro: I.E.S. CANIDO
Rúa Navegantes, 15401, FERROL, A CORUÑA
Profesores: Marcela Ríos Grueiro
X. Luís Rivas Fernández (X. D.)

Índice

| | |
|--|----|
| .Composición do Departamento de FRANCÉS: | 3 |
| .A) INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN: | 3 |
| .E.S.O: | 3 |
| .BACHARELATO: | 4 |
| .B) CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS E DAS COMPETENCIAS CLAVE: | 4 |
| .E.S.O: | 5 |
| BACHARELATO: | 7 |
| .C) OBXETIVOS: | 7 |
| .E.S.O: | 8 |
| .BACHARELATO: | 13 |
| .D) CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE: | 15 |
| .1) Temporalización: | 15 |
| .E.S.O: | 15 |
| .BACHARELATO: | 16 |
| .2) Grao mínimo de consecución para superar a materia: | 17 |
| .E.S.O: | 17 |
| .BACHARELATO: | 23 |
| .3) Procedementos e instrumentos de avaliación: | 27 |
| .E.S.O: | 27 |
| .BACHARELATO: | 27 |
| .E) CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA: | 27 |
| .1) Actividade lectiva presencial: | 28 |
| .E.S.O: | 28 |
| .BACHARELATO: | 29 |
| .2) Actividade lectiva semipresencial: | 29 |
| .E.S.O / BACHARELATO: | 29 |
| .3) Actividade lectiva non presencial: | 30 |
| .E.S.O / BACHARELATO: | 30 |
| .F) MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR: | 30 |
| .G) CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO: | 30 |
| .E.S.O: | 30 |
| .1) Actividade lectiva presencial e semipresencial: | 31 |
| .2) Actividade lectiva non presencial: | 31 |
| .BACHARELATO: | 31 |
| .1) Actividade lectiva presencial e semipresencial: | 31 |
| .2) Actividade lectiva non presencial: | 34 |
| .H) INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE: | 35 |
| .I) ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES: | 35 |
| .L) ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DO BACHARELATO: | 36 |
| .M) DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS: | 36 |
| .N) MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: | 37 |
| .Ñ) CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA: | 38 |
| .O) ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS POR CADA DEPARTAMENTO DIDÁCTICO: | 39 |
| .P) MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA: | 39 |

Composición do Departamento de FRANCÉS:

| Nome e Apelidos | Cargo | Grupos | Materia |
|---------------------------|----------------------|--|---------|
| Marcela Ríos Grueiro | Profesor | 1º E.S.O. AB | 2ª L.E. |
| Xosé Luís Rivas Fernández | Xefe de Departamento | 1º E.S.O. A 1º E.S.O. B 2º E.S.O. A 2º E.S.O. B 3º E.S.O. A-B 4º E.S.O. A-B 2º Bach. A-B | |

- Distribución do alumnado e libros de texto:

| Materia | Curso | Nº de alumnos/as | Nº de grupos | Libros de texto | Editor |
|---------|----------------|------------------|--------------|------------------------|------------|
| 2ª L.E. | 2º E.S.O. | 50 | 2 | Parachute 2 | Santillana |
| “ | Pdte 1º | 2 | | | |
| “ | 4º E.S.O. | 7 | 1 | Parachute 4 | Santillana |
| “ | 2º BACHARELATO | 15 | 1 | Nouvelle Génération B1 | Santillana |
| “ | Pdte 1º | 5 | | | |
| “ | TOTAL | 77 | 4 | | |

A) INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

- **E.S.O.**

Esta programación está dirixida aos mozos adolescentes na aprendizaxe dunha lingua estranxeira en contexto escolar e dentro do marco do regulamento vixente.

Recolle as directrices que figuran Decreto 86/2015 do 25 de xuño de 2015, polo que se establece o currículo da ESO e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. (D.O.G. nº 120 do 29 de xuño de 2015)

Dá unha importancia primordial á adquisición e ao desenvolvemento das Competencias Básicas por un lado e das Competencias Clave por outro, así como aos catro bloques en que se agrupan os contidos para a aprendizaxe da lingua estranxeira: escoitar, falar, conversar; ler e escribir; coñecemento da lingua, e aspectos socioculturais e consciencia inter-cultural.

1. Público a quen vai dirixido

Mozos adolescentes a partir de 13 anos, debutantes na aprendizaxe da lingua estranxeira no grupo-clase.

2. Contidos e niveis

- Terase en conta as recomendacións e progresións do MARCO EUROPEO COMÚN DE REFERENCIA PARA AS LINGUAS e as normativas oficiais fixadas para a ensinanza da lingua estranxeira na « ESO », e especialmente a sinalada para a 2ª lingua.

- No contexto do MARCO EUROPEO COMÚN DE REFERENCIA, os contidos e as competencias traballadas sitúanse entre as seccións A1 e A2 (para os niveis 1, 2 e 3). Téñense en conta os contidos e obxectivos fixados polas autoridades educativas e as progresións establecidas pola autonomía.

- No final do itinerario tense como obxectivo a consolidación dos niveis A1 e A2 do MARCO EUROPEO COMÚN DE REFERENCIA, unha idea xeral da primeira parte do nivel B1, así como as competencias descritas para o 4º ano da «ESO ». No final do 4º ano, os alumnos estarán preparados para presentarse aos exames dos niveis A1 e A2 do DELF (Diplôme international d'études de la langue française).

- Esta programación acóllese aos Criterios de avaliación indicados no apartado que o Real Decreto adica á Segunda lingua estranxeira, sempre tomando como referencia a Primeira lingua estranxeira:

- “A diversidade de posibles niveis iniciais aconsella remitir a avaliación fundamentalmente ao grao de avance que se conseguiu desde a situación de partida de cada un dos alumnos. Neste sentido, os criterios de avaliación da primeira lingua estranxeira deben utilizarse como referente tanto para a determinación do punto de partida coma para a do nivel final e, en función diso, do grao de avance experimentado por cada un dos alumnos.” (Criterios de avaliación).

▪ **BACHARELATO**

Segundo as recomendacións do Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas, intentarase desenvolver nos estudantes as competencias comunicativas, a capacidade de interpretar e expresar conceptos, sentimentos, feitos e opinións oralmente e por escrito, de interactuar de maneira apropiada e progresivamente creativa nun ambiente francófono, en todo tipo de situacións: da vida social e cultural, da educación e formación, do lecer.

Os coñecementos lingüísticos son ferramentas que están ao servizo da comunicación e esta terá un sentido social: aprenderase a falar para poder realizar tarefas e resolver problemas primeiro na aula, pero pronto na vida real nunha contorna francófona auténtica.

a) **Niveis**

▪ Para o primeiro curso usaremos o método Génération Lycée 2 (Santillana) que pretende acadar un nivel B1.

Os obxectivos do nivel B1 do Marco Europeo Común de Referencia son considerablemente máis ambiciosos que os dos niveis anteriores e requiren dun volume enteiro.

Segundo as regras da aprendizaxe “en espiral”, consolidaranse os contidos do nivel A2 á vez que se introducen nos contidos do nivel B1.

A propia metodoloxía do método, así como un coidadoso sistema de adestramento á avaliación, prepara aos estudantes para as probas oficiais dos niveis A1, A2 e B1 nos centros de certificación franceses (DELF).

b) **d) Particularidades do Bacharelato**

En 2º de Bacharelato, os alumnos que optan pola materia francés como segundo idioma estudaron francés como segunda lingua durante a ESOe en 1º de Bach., e o seu nivel de coñecementos tense que considerar; o feito de elixir a materia supón o seu interese pola mesma, á vez que o desexo de querer continuar e, en certo xeito, culminar unha aprendizaxe anterior; pero poderíamos atopar igualmente alumnos principiantes que lle piden á lingua estranxeira unhas nocións máis xerais, como para manexarse suficientemente para ler a prensa ou seguir unha película en versión orixinal.

Os alumnos que alcanzasen na ESO un nivel A2 real poderán:

- Por unha banda, asentar devandito nivel A2 e adaptar as súas competencias á súa condición de mozos adultos; axudaralles o feito de que as primeiras unidades deste segundo nivel retoman os contidos do anterior, profundando nos mesmos.

- Doutra banda, desenvolver competencias propias do nivel B1.

B) CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS E DAS COMPETENCIAS CLAVE.

▪ **E.S.O.**

Esta programación incorpora a avaliación actual da didáctica das linguas estranxeiras. Desenvolve a capacidade de interactuar nas situacións das habilidades do uso oral da lingua: escoitar, falar, conversar, así como

as habilidades ler e escribir, e potencia tanto as destrezas produtivas coma as receptivas, dando á comprensión un lugar relevante (escoitar e comprender, ler e comprender).

O Real Decreto sobre Ensinanzas Mínimas identifica oito competencias básicas no seu Anexo I:

1. Competencia en comunicación lingüística
2. Competencia matemática
3. Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico
4. Tratamento da información e competencia dixital
5. Competencia social e cidadá
6. Competencia cultural e artística
7. Competencia para aprender a aprender
8. Autonomía e iniciativa persoal.

O Decreto 86/2015 do 25 de xuño de 2015 identifica as seguinte competencias clave

1. Comunicación lingüística
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
3. Competencia dixital
4. Aprender a aprender
5. Competencias sociais e cívicas
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
7. Conciencia e expresións culturais

Neste sentido:

1. Divídese a lingua, como é habitual, en progresións nas 4 competencias: a comprensión oral e escrita, a expresión oral e escrita, pero incorpora desde o comezo o cruzamento destas competencias á vez que mantén o seu carácter específico, deixando así ao profesor a elección de insistir máis ou menos nunha competencia determinada. Esta característica vencéllao á competencia en comunicación lingüística.
2. Dáse prioridade á comprensión oral e escrita en relación coa expresión, sobre todo no inicio da aprendizaxe, para crear unha bagaxe importante de coñecementos pasivos na lingua oral e na lingua escrita que facilita un avance máis rápido.
3. Xunto coa competencia en comunicación lingüística, aquí desenvólvese a competencia para aprender a aprender, con habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo.
4. Utilízase a aprendizaxe por «tarefas» para integrar e sintetizar as diversas competencias, en relación cunhas actitudes e uns valores como a cooperación, e no marco dunha aproximación comunicativa.
5. Desenvólvense aquí dúas competencias: competencia para aprender a aprender, ter conciencia das propias capacidades e ser quen de cooperar, ademais da competencia social: coñecerse e valorarse, expresar as propias ideas e escoitar as alleas.
6. Téñense previstos uns exercicios de reflexión colectiva e individual sobre os diversos niveis de funcionamento da lingua estranxeira, sobre a gramática, o paso da lingua escrita á oral, etc., e invita á comparación co funcionamento das linguas que os alumnos coñecen.
7. Igualmente aquí se contempla a competencia en comunicación lingüística, e este punto incide especialmente no estudo dos elementos constitutivos da lingua, o seu funcionamento e relación, recollidos no bloque 3 do currículo como Coñecemento da lingua.
8. Insístese na aprendizaxe en espirais sucesivas. A integración dos coñecementos en espirais regulares (sínteses sucesivas de lección en lección e sínteses de sínteses) permite unha mellora rápida e segura da aprendizaxe. O alumno entra nun proceso de pensamento lóxico, de dedución-

indución, moi relacionado coa competencia matemática, para a obtención de datos e solución de problemas.

9. Faise ver ao alumno que progresa rapidamente poñéndoo enfronte duns *bilans* regulares e unhas auto-avaliacións en todas as competencias. Especialmente danse desde o comezo unhas bases esenciais para que o alumno sexa autónomo o antes posible desde o punto vista da comprensión escrita e fíxase moi pronto o paso do escrito ao oral para que aproveite tamén oralmente o que aprende lendo. A lectura en voz alta baixo todas as súas formas é pois un exercicio clave desde o comezo. Neste caso desenvólvese a competencia de aprender a aprender, á vez que a autonomía e iniciativa persoal. Foméntanse as habilidades para obter información, a proposta de metas, a perseveranza, a autocrítica, a aprendizaxe partindo do recoñecemento do erro.

10. Tense en conta igualmente a evolución da Internet, o uso xa habitual do correo electrónico e da ensinanza a distancia (E-learning) aplicada á ensinanza das linguas estranxeiras, que dan ao alumno unhas posibilidades de autoaprendizaxe individual, oral e escrita (en varios niveis) e unha capacidade ilimitada de consulta. A utilización das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) fai que o alumno desenvolva habilidades para obter información que transformará despois en coñecemento e comunicación: tratamento da información e competencia dixital.

11. En función dos cambios xeracionais actuais e da necesidade de esixir seriedade e calidade aos estudantes de secundaria (gusto polo esforzo, constancia, observación, concentración, etc.), propónse un traballo específico sobre os valores individuais e sociais (igualdade, ética, cooperación, protección da natureza e outros), a través da elección dos textos e da metodoloxía. Poténcianse aquí varias competencias referidas tanto a valores sociais (competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, competencia social e cidadá, competencia cultural e artística), coma a valores individuais (aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal).

▪ **BACHARELATO.**

As actividades de recepción, produción e interacción orais e escritas que conforman os estándares de aprendizaxe do currículo de segunda lingua estranxeira integran tanto as diversas competencias comunicativas específicas, cuxa activación conxunta permite a realización desas actividades como as competencias clave xerais correspondentes a cada etapa.

a) Competencia en comunicación lingüística, en francés e tamén con respecto ás linguas maternas

Por unha banda, a aprendizaxe de segundas linguas debe aproximarse ao proceso de adquisición das linguas maternas para producir resultados de carácter natural e directamente aplicables ao uso lingüístico no mundo real.

Por outro, a reflexión consciente e o desenvolvemento sistemático de competencias variadas que supón a aprendizaxe de segundas linguas pode estenderse ás linguas maternas co fin de mellorar as competencias nestas para comprender, expresarse, interactuar e articular pensamentos e sentimentos sobre un mesmo, o outro, a contorna mental e física en que se actúa e se constrúen as relacións como axente social.

b) Competencias sociais, conciencia e expresión culturais

O uso efectivo de linguas estranxeiras supón necesariamente unha visión aberta e positiva destas relacións cos demais, visión que se materializa en actitudes de valoración e respecto cara a todas as linguas e culturas, cara a outras persoas cuxos usos, valores e crenzas difiren dos propios, así como a apreciación do carácter relativo de costumes, prácticas e ideas, circunstancia que debe entenderse como unha oportunidade única de enriquecemento mutuo e de evitación ou resolución de conflitos de maneira satisfactoria para todas as partes.

As competencias sociais e cívicas, e a conciencia e expresión culturais, tanto as circunscritas ás contornas máis inmediatas como as propias de ámbitos cada vez máis amplos de actuación, forman así, parte das habilidades que comprende unha competencia intercultural integrada na aprendizaxe das linguas estranxeiras.

c) Aprender a aprender

O currículo axúdalle ao alumno a desenvolver a capacidade de aprender a aprender comezando por establecer de maneira transparente e coherente os obxectivos ou resultados pretendidos, que teñen que facer os estudantes como falantes de lingua estranxeira mediante o uso da mesma; determinando o que necesitan aprender para alcanzar estes obxectivos, e indicando as estratexias que poden aplicar para conseguilo. Marcar obxectivos de diverso carácter segundo as necesidades de construción de perfil persoal de competencias é, así mesmo, o primeiro paso para unha aprendizaxe eficaz, autónoma e ao longo da vida.

d) Sentido da iniciativa e espírito emprendedor

O enfoque orientado á acción adoptado no currículo céntrase no alumno, que é quen aprende, constrúe as súas competencias e as utiliza, tanto para levar a cabo as tarefas de aprendizaxe na aula como as que demanda a comunicación real. Por tanto, a materia de lingua estranxeira contribúe decisivamente ao desenvolvemento do sentido da iniciativa, en especial polo que respecta ás actividades de expresión e interacción oral e escrita, en que, desde a súa mesma planificación, o alumno ha de tomar decisións sobre que dicir e como facelo, a través de que canle e con que medios, en que circunstancias e dependendo das expectativas e reaccións dos interlocutores ou correspondentes, todo iso co fin de cumprir o propósito comunicativo que persegue co maior grao posible de éxito.

A elección e aplicación consciente das estratexias de comunicación, de organización do discurso, de control sobre a súa execución e de reparación do mesmo, preparan os alumnos para asumir as súas responsabilidades, atopar seguridade nas súas propias capacidades, reforzar a súa identidade, e regular o seu comportamento.

A articulación clara e convincente de pensamentos e ideas e a capacidade de asumir riscos, xunto coa xestión adecuada da interacción e o estímulo que supón comunicarse noutras linguas para afrontar novos retos ou resolver problemas en escenarios complexos, son fundamentais no desenvolvemento do espírito emprendedor.

As linguas estranxeiras son, ademais, a porta a un mundo de infinitas posibilidades no terreo laboral e profesional, e o currículo pretende fomentar o emprendemento como actitude na vida coa incorporación de actividades concretas en que o alumno aprende a ser crítico, creativo e comprometido tamén nestes contextos.

e) Competencia dixital

A actividade lingüística realízase hoxe en día a través de medios tecnolóxicos. Estes medios están recollidos no currículo como soportes naturais dos textos orais ou escritos que o alumno haberá de producir, comprender e procesar, polo que a competencia dixital enténdese como parte substancial da competencia comunicativa.

O uso das tecnoloxías da información e a comunicación debe ter importantes repercusións na maneira en que as linguas estranxeiras se ensinan e se aprenden, e as necesarias innovacións neste campo han de basearse nun novo concepto da lingua, que non é algo que soamente se sabe, senón, fundamentalmente, algo que a persoa fai.

f) Competencias clave en ciencia e tecnoloxía

A lingua estranxeira, dentro dun sistema de ensino-aprendizaxe dinámico, pode contribuír á presentación de contidos e competencias en ciencia e tecnoloxía (como doutras áreas de coñecemento), facilitando e expandindo o acceso a datos, procedementos e técnicas de investigación; facendo posible un intercambio máis directo e frutífero entre comunidades científicas, e propiciando a construción conxunta do saber humano.

C) OBXETIVOS.

▪ E.S.O.

A ensinanza da lingua estranxeira nesta etapa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. escoitar e comprender información xeral e específica de textos orais en situacións comunicativas variadas, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.

2. Expresarse e interactuar oralmente en situacións de comunicación de forma comprensible, axeitada e con certo nivel de autonomía.
3. Ler e comprender textos diversos dun nivel axeitado ás capacidades e intereses do alumnado coa finalidade de extraer información xeral e específica, e utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.
4. Escribir textos sinxelos con finalidades diversas sobre distintos temas empregando recursos axeitados de cohesión e coherencia.
5. Utilizar con corrección os compoñentes fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais básicos da lingua estranxeira en contextos reais de comunicación.
6. Desenvolver a autonomía na aprendizaxe, reflexionar sobre os propios procesos de aprendizaxe, e transferir á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.
7. Utilizar estratexias de aprendizaxe e todos os medios ao seu alcance, incluídas as tecnoloxías da información e a comunicación, para obter, seleccionar e presentar información oralmente e por escrito.
8. Apreciar a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos.
9. Valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas diversas evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.
10. Manifestar unha actitude receptiva e de auto-confianza na capacidade de aprendizaxe e uso da lingua estranxeira.

1º CICLO E.S.O.

Os obxectivos expostos para o primeiro ciclo da ESO na área de segunda lingua estranxeira tradúcense nun currículo básico que, integrando todos os aspectos que conforman a comunicación lingüística, se estrutura en catro bloques correspondentes ás distintas actividades da lingua, tal como estas se describen no MCER: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos.

Os contidos previstos concrétnanse en criterios de avaliación, que son referentes específicos para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que os alumnos deben lograr, tanto en coñecementos como en competencias; responden ao que se quere conseguir en cada materia.

No relativo á competencia comunicativa, que constitúe o corazón da materia segunda lingua estranxeira, os criterios de avaliación para o 1º ciclo da ESO (BOE do 3 de xaneiro de 2015) son os seguintes.

Bloque 1. Comprensión de textos orais

Identificar o sentido xeral, os puntos principais e a información máis importante en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos habituais en situacións cotiás ou sobre aspectos concretos de temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público, e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o devandito.

Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, os puntos principais ou a información máis importante do texto.

Coñecer e utilizar para a comprensión do texto os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer), condicións de vida e contorna, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no centro educativo, no ámbito público), comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz, contacto visual), e convencións sociais (costumes, tradicións).

Distinguir a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto (p. ex. unha petición de información, un aviso ou unha suxestión) e un repertorio dos seus expoñentes máis frecuentes, así como patróns discursivos de uso común relativos á organización textual (introdución do tema, cambio temático e peche textual).

Aplicar á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización de patróns sintácticos e discursivos de uso frecuente na comunicación oral, así como os seus significados xerais asociados (p. ex. estrutura interrogativa para facer unha suxestión).

Recoñecer léxico oral de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns e a aspectos concretos de temas xerais ou relacionados cos propios intereses ou estudos, e inferir do contexto, con apoio visual, os significados de palabras e expresións que se descoñecen.

Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso frecuente, e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados cos mesmos.

Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción

Producir textos breves e suficientemente comprensibles, tanto en conversacións cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe moi sinxela, en que se dá, solicita e intercambia información sobre temas cotiáns e asuntos coñecidos ou de interese persoal e educativo, aínda que se produzan interrupcións ou vacilacións, se fagan necesarias as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións, e o interlocutor teña que solicitar que se lle repita ou reformule o devandito.

Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais breves en forma de monólogo ou de diálogo e de estrutura moi simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe aos recursos de que se dispón, ou a reformulación ou explicación de elementos. Incorporar á produción do texto oral en forma de monólogo ou de diálogo os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, actuando coa suficiente propiedade e respectando as normas de cortesía máis importantes nos contextos respectivos.

Levar a cabo as funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis frecuentes das devanditas funcións e os patróns discursivos sinxelos de uso máis común para organizar o texto.

Mostrar control sobre un repertorio limitado de estruturas sintácticas de uso frecuente e de mecanismos sinxelos de cohesión e coherencia (repetición léxica, elipses, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores conversacionais de uso moi frecuente).

Coñecer e utilizar un repertorio léxico oral suficiente para comunicar información e opinións breves, sinxelas e concretas, en situacións habituais e cotiás. Pronunciar e entoar de maneira suficientemente comprensible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro, se cometan erros de pronuncia esporádicos, e os interlocutores teñan que solicitar repeticións ou aclaracións. Manexar frases curtas e fórmulas para desenvolverse de maneira suficiente en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, aínda que haxa que interromper o discurso para buscar palabras ou articular expresións e para reparar a comunicación. Interactuar de maneira simple en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou manter a quenda de palabra, aínda que poidan darse desaxustes na adaptación ao interlocutor.

Bloque 3: Comprensión de textos escritos

Identificar a idea xeral, os puntos máis relevantes e información importante en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados escritos nun rexistro neutro ou informal, que traten de asuntos habituais en situacións cotiás, de aspectos concretos de temas de interese persoal ou educativo, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.

Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión da idea xeral, os puntos máis relevantes e información importante do texto. Coñecer, e utilizar para a comprensión do texto, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, condicións de vida e contorna, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no centro educativo, no ámbito público), e convencións sociais (costumes, tradicións).

Distinguir a función ou funcións comunicativas máis importantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis frecuentes, así como patróns discursivos sinxelos de uso común relativos á organización textual (introdución do tema, cambio temático e peche textual).

Aplicar á comprensión do texto os constituíntes e a organización de estruturas sintácticas de uso frecuente na comunicación escrita, así como os seus significados xerais asociados (p. ex. estrutura interrogativa para facer unha suxestión).

Recoñecer léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns e a aspectos concretos de temas xerais ou relacionados cos propios intereses ou estudos, e inferir do contexto, con apoio visual, os significados de palabras e expresións que se descoñecen.

Recoñecer as principais convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, así como abreviaturas e símbolos de uso común (p. ex. ☺, %, ☑), e os seus significados asociados.

Bloque 4: Producción de textos escritos: expresión e interacción

Escribir, en papel ou en soporte dixital, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas habituais en situacións cotiáns ou do propio interese, nun rexistro neutro ou informal, utilizando recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis frecuentes.

Coñecer e aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple, p. ex. copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto.

Incorporar á produción do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía e de etiqueta máis importantes nos contextos respectivos.

Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis frecuentes das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual para organizar o texto escrito de maneira sinxela.

Mostrar control sobre un repertorio limitado de estruturas sintácticas de uso frecuente, e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos ou bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipses, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos moi frecuentes).

Coñecer e utilizar un repertorio léxico escrito suficiente para comunicar informacións breves, simples e directas en situacións habituais e cotiáns. Coñecer e aplicar, de maneira suficiente, para que a mensaxe principal quede clara, os signos de puntuación elementais (p. ex. punto, coma) e as regras ortográficas básicas (p. ex. uso de maiúsculas e minúsculas), así como as convencións ortográficas frecuentes na redacción de textos moi breves en soporte dixital.

4º E.S.O.

Bloque 1. Comprensión de textos orais

Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta ou media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público, e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver a escoitar.

Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes do texto.

Coñecer e utilizar para a comprensión do texto os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer), condicións de vida e contorna, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro educativo, nas institucións), comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz, contacto visual), e convencións sociais (costumes, tradicións).

Distinguir a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como os patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización textual (introdución do tema, desenvolvemento e cambio temático, e peche textual).

Recoñecer, e aplicar á comprensión do texto, os coñecementos sobre os constituíntes e a organización de patróns sintácticos e discursivos de uso frecuente na comunicación oral, así como os seus significados asociados (p. e. estrutura interrogativa para facer unha suxestión).

Recoñecer léxico oral de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, estudos e ocupacións, e inferir do contexto e do cotexto, con apoio visual, os significados de palabras e expresións de uso menos frecuente ou máis específico.

Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e recoñecer os significados e as intencións comunicativas xerais relacionados.

Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción

Producir textos breves e comprensibles, tanto en conversación cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, nos que se dá, solicita e intercambia información sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal, educativo ou ocupacional, e se xustifican brevemente os motivos de determinadas accións e plans, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e o interlocutor teña que solicitar ás veces que se lle repita o que se dixo.

Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe a patróns da primeira lingua ou outras, ou o uso de elementos léxicos aproximados se non se dispón doutros máis precisos.

Incorporar á produción do texto oral monolóxico ou dialóxico os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, actuando coa debida propiedade e respectando as normas de cortesía máis importantes nos contextos respectivos.

Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis comúns das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis frecuente para organizar o texto de maneira sinxela coa suficiente cohesión interna e coherencia con respecto ao contexto de comunicación.

Mostrar control sobre un repertorio limitado de estruturas sintácticas de uso habitual, e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos o bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores conversacionais de uso moi frecuente).

Coñecer e utilizar un repertorio léxico oral suficiente para comunicar información, opinións e puntos de vista breves, simples e directos en situacións habituais e cotiáns, aínda que en situacións menos correntes haxa que adaptar a mensaxe.

Pronunciar e entoar de maneira clara e intelixible, aínda que ás veces resulte evidente o acento estranxeiro, ou se cometan erros de pronuncia que non interrompan a comunicación, e os interlocutores teñan que solicitar repeticións de cando en vez.

Manexar frases curtas, grupos de palabras e fórmulas para desenvolverse de maneira suficiente en breves intercambios en situacións habituais e cotiáns, interrompendo en ocasións o discurso para buscar expresións, articular palabras menos frecuentes e reparar a comunicación en situacións menos comúns.

Interactuar de maneira sinxela en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en gran medida da actuación do interlocutor.

Bloque 3: Comprensión de textos escritos

Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e os detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados escritos nun rexistro formal ou neutro, que traten de asuntos cotiáns, de temas de interese ou relevantes para os propios estudos e ocupacións, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso común.

Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes do texto.

Coñecer, e utilizar para a comprensión do texto, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, incluídas manifestacións artísticas como a música ou o cinema), condicións de vida e contorna, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro educativo, nas institucións), e convencións sociais (costumes, tradicións).

Distinguir a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como os patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización textual (introdución do tema, desenvolvemento e cambio temático, e peche textual).

Recoñecer, e aplicar á comprensión do texto, os constituíntes e a organización de estruturas sintácticas de uso frecuente na comunicación escrita, así como os seus significados asociados (p. e. estrutura interrogativa para facer unha suxestión).

Recoñecer léxico escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, estudos e ocupacións, e inferir do contexto e do cotexto, con apoio visual, os significados de palabras e expresións de uso menos frecuente ou máis específico.

Recoñecer as principais convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, así como as abreviaturas e os símbolos de uso común (p. e. ♣, %, ☑), e os seus significados asociados.

Bloque 4: Producción de textos escritos: expresión e interacción

Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou do propio interese, nun rexistro formal ou neutro utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.

Coñecer e aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple, p. e. copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto.

Incorporar á produción do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía e da netiqueta máis importantes nos contextos respectivos.

Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis comúns das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis frecuente para organizar o texto escrito de maneira sinxela coa suficiente cohesión interna e coherencia con respecto ao contexto de comunicación.

Mostrar control sobre un repertorio limitado de estruturas sintácticas de uso habitual, e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos o bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición

léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos moi frecuentes).

Coñecer e utilizar un repertorio léxico escrito suficiente para comunicar información, opinións e puntos de vista breves, simples e directos en situacións habituais e cotiás, aínda que en situacións menos correntes e sobre temas menos coñecidos haxa que adaptar a mensaxe.

Coñecer e aplicar, de maneira adecuada para facerse comprensible case sempre, os signos de puntuación elementais (p. e. punto, coma) e as regras ortográficas básicas (p. e. o uso de maiúsculas e minúsculas, ou a separación de palabras ao final de liña), así como as convencións ortográficas máis habituais na redacción de textos en soporte electrónico.

▪ **BACHARELATO.**

Os obxectivos expostos para bacharelato na área de Segunda lingua estranxeira tradúcense nun currículo básico que, integrando todos os aspectos que conforman a comunicación lingüística, se estrutura en catro bloques correspondentes ás distintas actividades da lingua, tal como estas se describen no MCER: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos.

Os contidos previstos concrétnanse en criterios de avaliación, que son referentes específicos para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos como en competencias; responden ao que se quere conseguir en cada materia.

No relativo á competencia comunicativa, que constitúe o corazón da materia SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA, os criterios de avaliación para o segundo ano de bacharelato (BOE de 3 de xaneiro de 2015) son os seguintes.

Bloque 1. Comprensión de textos orais

Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, claramente estruturados, e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a unha velocidade media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que traten aspectos concretos ou abstractos de temas xerais, sobre asuntos cotiás en situacións correntes ou menos habituais, ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional/laboral, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver a escoitar.

Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes do texto.

Coñecer e utilizar para a comprensión do texto os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida (hábitat, estrutura socioeconómica), relacións interpersoais (xeracionais, entre homes e mulleres, no ámbito educativo, ocupacional e institucional), comportamento (posturas, expresións faciais, uso da voz, contacto visual, proxémica), e convencións sociais (actitudes, valores).

Distinguir a función ou as funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como os patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización e á ampliación ou restructuración da información (p.e. nova fronte a coñecida; exemplificación; resumo).

Recoñecer e aplicar á comprensión do texto, os coñecementos sobre os constituíntes e a organización de patróns sintácticos e discursivos de uso frecuente na comunicación oral, así como os seus significados asociados (p. e. unha estrutura interrogativa para expresar sorpresa).

Recoñecer léxico oral de uso común relativo a asuntos cotiás e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, estudos e ocupacións, e un repertorio limitado de expresións e modismos de uso frecuente cando o contexto ou o apoio visual facilitan a comprensión.

Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e recoñecer os significados e as intencións comunicativas xerais relacionados.

Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción

Producir textos breves ou de lonxitude media, tanto en conversación cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, nun rexistro formal, neutro ou informal, en que se intercambian información, ideas e opinións, se xustifican de maneira simple pero suficiente os motivos de accións e plans, e se formulan hipóteses, aínda que ás veces haxa titubeos para buscar expresións, pausas para reformular e organizar o discurso e sexa necesario repetir a información para axudar ao interlocutor a comprender algúns detalles.

Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves ou de lonxitude media e de estrutura simple e clara, explotando os recursos dos que se dispón e limitando a súa expresión; recorrendo, entre outros, a procedementos como a definición simple de elementos para os que non se teñen as palabras precisas, ou comezando de novo cunha nova estratexia cando erra a comunicación.

Incorporar á produción do texto oral monolóxico ou dialóxico os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos ás relacións interpersoais e ás convencións sociais nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional/laboral, seleccionando e achegando información necesaria e pertinente, axustando de maneira adecuada a expresión ao destinatario, ao propósito comunicativo, ao tema tratado e á canle de comunicación, e expresando opinións e puntos de vista coa cortesía necesaria.

Levar a cabo as funcións requiridas polo propósito comunicativo, utilizando un repertorio de expoñentes comúns das devanditas funcións e os patróns discursivos habituais para iniciar e concluír o texto adecuadamente, organizar a información de maneira clara, ampliála con exemplos ou resumila.

Mostrar un bo control, aínda que con algunha influencia da primeira lingua ou doutras, sobre un amplo repertorio de estruturas sintácticas comúns, e seleccionar os elementos adecuados de coherencia e de cohesión textual para organizar o discurso de maneira sinxela pero eficaz.

Coñecer e utilizar léxico oral de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, estudos e ocupacións, e un repertorio limitado de expresións e modismos de uso frecuente.

Pronunciar e entoar os enunciados de maneira clara e comprensible, aínda que os interlocutores poden necesitar repeticións se se trata de palabras e estruturas pouco frecuentes, en cuxa articulación poden cometerse erros que non interrompan a comunicación.

Manter o ritmo do discurso coa fluidez suficiente para facer comprensible a mensaxe cando as intervencións son breves ou de lonxitude media, aínda que poidan producirse pausas, vacilacións ocasionais ou reformulacións do que se quere expresar en situacións menos habituais ou en intervencións máis longas.

Interactuar de maneira sinxela pero efectiva en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou indicacións habituais para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se poida necesitar a axuda do interlocutor.

Bloque 3: Comprensión de textos escritos

Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e os detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves ou de lonxitude media e ben estruturados, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten de asuntos cotiáns ou menos habituais, de temas de interese ou relevantes para os propios estudos, ocupación ou traballo e que conteñan estruturas e un léxico de uso común, tanto de carácter xeral como máis específico.

Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes do texto.

Coñecer, e utilizar para a comprensión do texto, os aspectos sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida e contorna socioeconómico, relacións interpersoais (xeracionais, ou no ámbito educativo, ocupacional e institucional), e convencións sociais (actitudes, valores), así como os aspectos culturais xerais que permitan comprender información e ideas presentes no texto.

Distinguir a función ou as funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como os patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización e á ampliación ou restructuración da información (p.e. nova fronte a coñecida; exemplificación; resumo).

Recoñecer, e aplicar á comprensión do texto, os constituíntes e a organización de estruturas sintácticas de uso frecuente na comunicación escrita, así como os seus significados asociados (p. e. unha estrutura interrogativa para expresar sorpresa).

Recoñecer léxico escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, estudos e ocupacións, e un repertorio limitado de expresións e modismos de uso frecuente cando o contexto ou o apoio visual facilitan a comprensión.

Recoñecer as principais convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación, así como as abreviaturas e os símbolos de uso común e máis específico (p. e. &, ¥), e os seus significados asociados.

Bloque 4: Producción de textos escritos: expresión e interacción

Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves ou de lonxitude media, coherentes e de estrutura clara, sobre temas de interese persoal, ou asuntos cotiáns ou menos habituais, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos de cohesión, as convencións ortográficas e os signos de puntuación máis comúns, e mostrando un control razoable de expresións, estruturas e un léxico de uso frecuente, tanto de carácter xeral como máis específico dentro da propia área de especialización ou de interese.

Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos breves ou de media lonxitude, p. e. “refraseando” estruturas a partir doutros textos de características e propósitos comunicativos similares, ou redactando borradores previos.

Incorporar á produción do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais e convencións sociais nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional/laboral, seleccionando e achegando información necesaria e pertinente, axustando de maneira adecuada a expresión ao destinatario, ao propósito comunicativo, ao tema tratado e ao soporte textual, e expresando opinións e puntos de vista coa cortesía necesaria.

| <p>ou ceder a quenda de palabra, aínda que se poida necesitar a axuda do interlocutor.</p> <p>Bloque 3: Comprensión de textos escritos</p> <p>Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e os detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves ou de lonxitude media e ben estruturados, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten de asuntos cotiáns ou menos habituais, de temas de interese ou relevantes para os propios estudos, ocupación ou traballo e que conteñan estruturas e un léxico de uso común, tanto de carácter xeral como máis específico.</p> <p>Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes do texto.</p> <p>Coñecer, e utilizar para a comprensión do texto, os aspectos sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida e contorna socioeconómico, relacións interpersoais (xeracionais, ou no ámbito educativo, ocupacional e institucional), e convencións sociais (actitudes, valores), así como os aspectos culturais xerais que permitan comprender información e ideas presentes no texto.</p> <p>Distinguir a función ou as funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como os patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización e á ampliación ou restructuración da información (p.e. nova fronte a coñecida; exemplificación; resumo).</p> <p>Recoñecer, e aplicar á comprensión do texto, os constituíntes e a organización de estruturas sintácticas de uso frecuente na comunicación escrita, así como os seus significados asociados (p. e. unha estrutura interrogativa para expresar sorpresa).</p> <p>Recoñecer léxico escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, estudos e ocupacións, e un repertorio limitado de expresións e modismos de uso frecuente cando o contexto ou o apoio visual facilitan a comprensión.</p> <p>Recoñecer as principais convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación, así como as abreviaturas e os símbolos de uso común e máis específico (p. e. &, ¥), e os seus significados asociados.</p> <p>Bloque 4: Producción de textos escritos: expresión e interacción</p> <p>Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves ou de lonxitude media, coherentes e de estrutura clara, sobre temas de interese persoal, ou asuntos cotiáns ou menos habituais, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos de cohesión, as convencións ortográficas e os signos de puntuación máis comúns, e mostrando un control razoable de expresións, estruturas e un léxico de uso frecuente, tanto de carácter xeral como máis específico dentro da propia área de especialización ou de interese.</p> <p>Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos breves ou de media lonxitude, p. e. “refraseando” estruturas a partir doutros textos de características e propósitos comunicativos similares, ou redactando borradores previos.</p> <p>Incorporar á produción do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais e convencións sociais nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional/laboral, seleccionando e achegando información necesaria e pertinente, axustando de maneira adecuada a expresión ao destinatario, ao propósito comunicativo, ao tema tratado e ao soporte textual, e expresando opinións e puntos de vista coa cortesía necesaria.</p> <p>Levar a cabo as funcións requiridas polo propósito comunicativo, utili-</p> | <ol style="list-style-type: none"> 1. Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (p. e. nun evento cultural, ou nunha residencia de estudantes). 2. Entende o sentido xeral, os puntos principais e a información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, académico ou ocupacional (p. e. sobre cursos, bolsas, ofertas de traballo). 3. Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros <i>online</i> ou <i>blogs</i>, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos; se narran feitos e experiencias, reais ou imaxinarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese. 4. Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional como para poder reaccionar en consecuencia (p. e. se se lle solicitan documentos para unha estancia de estudos no estranxeiro). 5. Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; recoñece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, sempre que poida reler as seccións difíciles. 6. Entende información específica importante en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados (p. e. enciclopedias, dicionarios, monografías, presentacións) sobre temas relativos a materias académicas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses. <p>Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Completa un cuestionario detallado con información persoal, académica ou laboral (p. e. para solicitar unha bolsa). 2. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes (p. e. nunha páxina web), respectando as convencións e as normas de cortesía e da netiqueta. 3. Escribe, nun formato convencional, informes breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema académico, ocupacional, ou menos habitual (p. e. un accidente), describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións. | <p>-Os verbos <i>suffire</i> e <i>valoir</i>.</p> <p>-As institucións.</p> <p>-As eleccións.</p> <p>-A <i>xustiza</i>.</p> <p>-Formular eloxios e críticas.</p> <p>-<i>Reportar as palabras de alguén</i>.</p> <p>-Concordancia do verbo cun nome colectivo.</p> <p>-Os pronomes de relativo compostos.</p> <p>-Discurso e interrogación indirectos en pasado.</p> <p>-A oposición e a concesión.</p> <p>-Os verbos <i>acquérir</i> e <i>vêtir</i>.</p> <p>-As belas artes.</p> <p>-A pintura.</p> <p>-A <i>escultura</i>.</p> <p>-Os espectáculos.</p> <p>-O teatro.</p> <p>-A <i>música</i>.</p> <p>-Situación no tempo.</p> <p>-Expresar a tristeza.</p> <p>-<i>Convidar a alguén a confiar</i>.</p> <p>-O participio presente e o adxectivo verbal.</p> <p>-O xerundio.</p> <p>-As relacións temporais.</p> <p>-Os verbos <i>croître</i> e <i>mouvoir</i>.</p> <p>-O cinema.</p> <p>-A literatura.</p> <p>-O libro.</p> <p>-A prosa.</p> <p>-A poesía.</p> <p>-<i>Signos de puntuación: interrogación, exclamación e puntos</i></p> |
|--|---|---|

| | | |
|---|---|---------------------------|
| <p>zando un repertorio de expoñentes comúns das devanditas funcións e os patróns discursivos habituais para iniciar e concluír o texto escrito adecuadamente, organizar a información de maneira clara, ampliála con exemplos ou resumila.</p> <p>Mostrar un bo control, aínda que con algunha influencia da primeira lingua ou outras, sobre un amplo repertorio de estruturas sintácticas comúns, e seleccionar os elementos adecuados de coherencia e de cohesión textual para organizar o discurso de maneira sinxela pero eficaz.</p> <p>Coñecer e utilizar léxico escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, estudos e ocupacións, e un repertorio limitado de expresións e modismos de uso frecuente.</p> <p>Utilizar as convencións ortográficas, de puntuación e de formato máis frecuentes con razoable corrección de modo que se comprenda a mensaxe, aínda que pode darse algunha influencia da primeira ou outras linguas; saber manexar os recursos básicos de procesamento de textos para corrixir os erros ortográficos dos textos que se producen no formato electrónico, e adaptarse ás convencións comúns de escritura de textos en Internet (p. e. abreviacións ou outros nos <i>chats</i>).</p> | <p>4. Escribe correspondencia persoal e participa en foros, <i>blogs</i> e <i>chats</i> nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra, de forma lineal e coherente, feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas (p. e. sobre unha viaxe, un acontecemento importante, un libro, unha película), ou feitos imaxinarios; e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes e xustificando brevemente as súas opinións.</p> <p>5. Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, observando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de textos.</p> | <p><i>suspensivos</i></p> |
|---|---|---------------------------|

3) Procedementos e instrumentos de avaliación.

▪ E.S.O.

Procedementos

A partir dos obxectivos e contidos seleccionados, e o entorno educativo, os criterios de avaliación serán o referente constante ao longo de todo o proceso de ensinanza e aprendizaxe. A avaliación valorará as catro destrezas comunicativas adquiridas polos estudantes ao longo de todo o proceso de ensinanza e aprendizaxe (comprensión e expresión oral e escrita), utilizando diferentes estratexias e, polo tanto, diferentes exercicios e actividades. Utilizarase o erro como información valiosa coa fin de coñecer os puntos débiles e encontrar solucións aos problemas xurdidos. Isto permitirá adapta-lo ritmo de ensinanza e aprendizaxe ás posibilidades dos alumnos.

Instrumentos

A comprensión oral avaliarase a través do diálogo profesor-alumno, alumno-alumno, CDs, vídeos, etc.

Avaliarase a expresión oral por medio de exercicios de lectura, diálogos, debates, "jeux de rôles".

A comprensión escrita avaliarase utilizando textos literarios ou non, por medio de textos breves escritos polos outros alumnos, revistas, xornais, o propio método, libros de lectura en Français Facile, etc.

A expresión escrita (gramática, vocabulario, comunicación) avaliarase por medio de exercicios estruturais, de creación (cartas, contos, etc.), ditados...

Para os alumnos e alumnas que non acaden os obxectivos mínimos: propoñeránselles unhas tarefas complementarias a realizar individualmente. Estas tarefas confeccionaranse segundo as necesidades de cada alumno, insistindo nos contidos non entendidos.

Por regra xeral os alumnos realizarán un mínimo de dúas probas "obxectivas / puntuables" en cada avaliación.

▪ BACHARELATO.

Procedementos

A partir dos obxectivos e contidos seleccionados, e o entorno educativo, os criterios de avaliación serán o referente constante ao longo de todo o proceso de ensinanza e aprendizaxe. A avaliación valorará as catro destrezas comunicativas adquiridas polos estudantes ao longo de todo o proceso de ensinanza e aprendizaxe (comprensión e expresión oral e escrita), utilizando diferentes estratexias e, polo tanto, diferentes exercicios e actividades. Utilizarase o erro como información valiosa coa fin de coñecer os puntos débiles e encontrar solucións aos problemas xurdidos. Isto permitirá adapta-lo ritmo de ensinanza e aprendizaxe ás posibilidades dos alumnos.

Instrumentos

A comprensión oral avaliarase a través do diálogo profesor-alumno, alumno-alumno, CDs, vídeos, etc.

Avaliarase a expresión oral por medio de exercicios de lectura, diálogos, debates, "jeux de rôles".

A comprensión escrita avaliarase utilizando textos literarios ou non, por medio de textos breves escritos polos outros alumnos, revistas, xornais, o propio método, libros de lectura en Français Facile, etc.

A expresión escrita (gramática, vocabulario, comunicación) avaliarase por medio de exercicios estruturais, de creación (cartas, contos, etc.), ditados...

Para os alumnos e alumnas que non acaden os obxectivos mínimos: propoñeránselles unhas tarefas complementarias a realizar individualmente. Estas tarefas confeccionaranse segundo as necesidades de cada alumno, insistindo nos contidos non entendidos.

Por regra xeral os alumnos realizarán un mínimo de dúas probas "obxectivas / puntuables" en cada avaliación.

E) CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.

Segundo as instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, teranse en conta os posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial.

1) Actividade lectiva presencial

▪ E.S.O.

A pedagogía proposta está centrada no estudante, ten en conta a diversidade dos perfís dos adolescentes máis novos e as normas que dinamizan o grupo-clase. Ten en conta a globalidade da persoa (corpo- sentimentos - cerebro), sinala un papel importante para o rigor e a reflexión pero tamén para as dimensións lúdica, motivadora e social da aprendizaxe.

Traballouse dun xeito especial no desenvolvemento dos potenciais cognitivos.

- Neste sentido esta programación incorpora:
 - unhas progresións de aprendizaxe da lingua estranxeira que implican o funcionamento equilibrado de cada hemisferio, e a ida e volta cooperativa dun ao outro desde o punto de vista cognitivo;
 - por outra parte, o método prevé a intelixencia emocional polo desenvolvemento da confianza nun mesmo, da capacidade de autoavaliación (saber onde se está e onde se vai) e da capacidade de expresar a asertividade (o dereito a expresar o que se pensa ou o que se sente, sen bloqueo nin agresividade).
- Esta programación quere tamén respectar os estilos de aprendizaxe dominantes de cada un e quere ademais- exercer os diferentes modos de aprendizaxe non-dominantes de maneira complementaria: visuais/auditivos, secuenciais/simultáneos/globalistas, abstractos/concretos. O método pretende pois contribuír ao desenvolvemento dos potenciais cognitivos e emocionais dos alumnos a través da aprendizaxe da lingua estranxeira.

Os principios metodolóxicos da educación asumidos son os que a continuación se relacionan:

- Partir da vida real dos estudantes e das súas experiencias concretas para obter aprendizaxes significativas.
- Ter en conta o que xa saben para servir de apoio ás novas aprendizaxes.
- Animar á reflexión, á dedución de conclusións a partir de observacións ou de exploracións, a confrontación de opinións, a inferencia racional e a verbalización das emocións.
- Respectar as particularidades de cada alumno (f. / m.), adaptando os métodos, as actividades e os recursos aportados. Traballar a coeducación e a non discriminación sexual.
- Utilizar técnicas e soportes variados que permiten á vez o desenvolvemento da capacidade crítica e creativa, e o da motivación.
- Favorecer a autoavaliación e a coavaliación, como ferramenta para poñer de relevo a realidade e xulgal a obxectivamente.

- Acostumar ao traballo en grupo, poñendo en común capacidades e intereses, estimulando o diálogo, destacando a responsabilidade individual e a solidariedade, axudando ás tomas de decisión colectivas, orientando as confrontacións.
- Suscitar as argumentacións razoadas, a convivencia, o respecto aos outros, a non discriminación sexual, relixiosa ou étnica.
- Crear un ambiente de colaboración, de distribución de tarefas e de responsabilidades, de identificación da cultura propia, de respecto ao patrimonio natural e cultural propio e ao dos demais. Desenvolver o espírito de cidadanía.
- Centrarse nun talante de resolución de problemas e desenvolver o pensamento crítico e creativo.

▪ **BACHARELATO.**

- Preténdese que os alumnos consigan un bo ritmo pero de forma segura- **desenvolver competencias lingüísticas e sociolingüísticas**; e que poidan **certificar ditas competencias**.
Con este ánimo, o alumno adquirirá o nivel A2 e terao consolidado.
Tamén empezará a desenvolver competencias propias do nivel B1, para asegurar que no curso seguinte devandito nivel se consegue con certeza.
- Para garantir esta eficacia, o método lévase a cabo con claridade e rigor, dentro dun estilo ameno e atractivo. Anuncia obxectivos, establece **contratos de aprendizaxe** cos alumnos, sistematiza as **estrataxias** e consellos para aprender a aprender, multiplica as actividades e as prácticas para todas as competencias, a partir de documentos de variada tipoloxía.
- Para darlle confianza ao alumno e para que este poida **controlar os seus progresos** e influír na súa aprendizaxe, multiplica as ferramentas de avaliación:
 - **avaliacións por competencias** dentro do libro do alumno, para ensaiar e outras, entregadas ao profesor, para medir resultados.
- Non se transmiten coñecementos fóra de contexto, senón que se pretende desenvolver todas as competencias cun fin práctico real, competencias que tenderán a aproximarse ás **competencias na lingua materna**.
- Citando o texto oficial do Consello de Europa sobre as competencias clave: “para a **comunicación** en linguas estranxeiras, as competencias clave son globalmente as mesmas que para a comunicación en lingua materna: apóiase na aptitude para comprender, expresar e interpretar conceptos, pensamentos, sentimentos, feitos e opinións, oralmente e por escrito [...] en diferentes situacións da vida social e cultural (educación e formación, traballo, fogar e lecer) segundo os desexos e as necesidades de cada un. A comunicación en linguas estranxeiras require tamén competencias tales como a mediación e a comprensión das demais culturas”.
- No mesmo documento, tamén lemos que a comunicación en linguas estranxeiras esixe un coñecemento do vocabulario e dunha gramática funcional, así como un coñecemento dos principais tipos de interacción verbal e dos rexistros da linguaxe. Importa ter coñecemento das convencións sociais, dos aspectos culturais e da variabilidade das linguas.
- De acordo con estes principios, propónse unha aprendizaxe rigorosa da gramática e do léxico, pero que estes nunca representan un fin en si, senón ferramentas para chegar aos fins comunicativos no sentido máis amplo da palabra.

2) **Actividade lectiva semipresencial**

▪ **ESO / BACHARELATO**

Chegado o caso de ter que realizarse a aprendizaxe en réxime de semi presencialidade aproveitaranse as clases presenciais para traballar a parte máis oral (lecturas, xogos de rol, interrogacións, etc). Parte á que se adicaría un 50% do tempo, outro 25% adicaría a explicar as tarefas que o alumnado tería que realizar na casa e o último 25% do tempo sería para a corrección da ditas tarefas.

3) Actividade lectiva non presencial

▪ ESO / BACHARELATO

Chegado o caso de ter que realizarse a aprendizaxe en réxime de non presencialidade ou sexa a distancia as ctividades realixaranse a través dunha plataforma dixital (Aula Virtual moodle ou Classroom de Google suite, probablemente esta última). Neste caso perdería peso a parte oral e centraríase a actividade en colgar contidos e tarefas maioritariamente escritos, os alumnos realizarán ditas terefas e poderán entregalas a través da plataforma ou do correo electrónico. As correccións, aclaracións e explicacións realizaranse a través do medio elixido polo alumnado.

F) MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR

Libros de texto:

2º E.S.O.: Parachute 2 (Santillana)

4º E.S.O.: Parachute 4 (Santillana)

2º Bach.: Nouvelle Génération B1

Gramática, léxico e actos de fala:

Xogos (expresión oral e escrita): crucigramas, sopas de letras, Bandas Debuxadas, exercicios de lingua con imaxes, xogos de rol, etc.

- Ditados preparados (individuais ou colectivos).
- Redaccións, cartas, receitas de cociña, etc.
- Documentos auténticos:
 - Visuais - fotos, postais, publicidade, debuxos, diapositivas, etc. videos (películas, teatro, emisións d TV francesa...).
 - Escritos - dípticos turísticos, mapas, artigos de diarios, magacines, gastronomía) ...
 - Oraís - cancións, gravacións de ruídos e sons diferentes, emisións radiofónicas (noticias, publicidade, etc.) ...

Civilización:

- Cancións populares.
- Gastronomía rexional (mapa gastronómico, recettes de cociña, vídeos de varias rexións coas súas particularidades, etc.)
- Diarios, semanais, páxinas web ...
- Fotos, postais, vídeos de viaxe, etc.
- Bandas Debuxadas dos humoristas francófonos máis coñecidos: Bosc, Hoviv, Chimulus, Faizant, Morris, Goscinny, Uderzo, Hergé, Wolinski ...
- Textos literarios (Textes en Français Facile).

G) CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

▪ E.S.O.

A partir dos obxectivos e contidos seleccionados, e o entorno educativo, os criterios de avaliación serán o referente constante ao longo de todo o proceso de ensinanza e aprendizaxe. A avaliación valorará as catro destrezas comunicativas adquiridas polos estudantes ao longo de todo o proceso de ensinanza e aprendizaxe (comprensión e expresión oral e escrita), utilizando diferentes estratexias e, polo tanto, diferentes exercicios e actividades. Utilizarase o erro como información valiosa coa fin de coñece-los puntos débiles e encon-

trar solucións aos problemas xurdidos. Isto permitirá adapta-lo ritmo de ensinanza e aprendizaxe ás posibilidades dos alumnos.

1) Presencial e semipresencial

Tipos de probas.

A comprensión oral avaliarase a través do diálogo profesor-alumno, alumno-alumno, CDs, vídeos, etc.

Avaliarase a expresión oral por medio de exercicios de lectura, diálogos, debates, "jeux de rôles".

A comprensión escrita avaliarase utilizando textos literarios ou non, por medio de textos breves escritos polos outros alumnos, revistas, xornais, o propio método, libros de lectura en Français Facile, etc.

A expresión escrita (gramática, vocabulario, comunicación) avaliarase por medio de exercicios estruturais, de creación (cartas, contos, etc.), ditados...

Para os alumnos e alumnas que non acaden os obxectivos mínimos: propoñeránselles unhas tarefas complementarias a realizar individualmente. Estas tarefas confeccionaranse segundo as necesidades de cada alumno, insistindo nos contidos non entendidos.

Por regra xeral os alumnos realizarán un mínimo de dúas probas "obxectivas / puntuables" en cada avaliación.

Cualificación.

A cualificación será sobre 10 e o resultado obterase seguindo os seguinte criterios:

| | | |
|----------------------------------|-------------|---|
| Actitude | 15 % | Participación activa na aula, facer os deberes habitualmente |
| Conceptos e procedementos | 70 % | Probas escritas obxectivas |
| | 15 % | Lecturas / Expresión oral |

2) Non presencial

No caso de ter que avaliar a distancia, de haber algunha avaliación presencial anterior, manterase a nota de Lecturas e Expresión oral. De non haber esas notas só se avaliarán as Probas Obxectivas Escritas realizadas telemáticamente. A Actitude avaliarase nese caso tendo en conta a participación e a entrega das tarefas realizadas na casa.

Promoción.

A avaliación será continua. Para a superación da materia o alumno terá que acadar un 5 na terceira avaliación, esa nota redondearase a partir do 4,5.

▪ **BACHARELATO**

1) Presencial e semipresencial

a) Comprensión de textos orais

Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, claramente estruturados, e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a unha velocidade media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que traten de aspectos concretos ou abstractos de temas xerais, sobre asuntos cotiáns en situacións correntes ou menos habituais, ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional/laboral, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o devandito.

Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e ideas principais ou os detalles relevantes do texto.

Coñecer e utilizar para a comprensión do texto os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida (hábitat, estrutura socioeconómica), relacións interpersoais (xeracionais, entre homes e mulleres, no ámbito educativo, ocupacional e institucional), comportamento (posturas, expresións faciais, uso da voz, contacto visual, proxémica), e convencións sociais (actitudes, valores).

Distinguir a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización e ampliación ou reestruturación da información (p. ex. nova fronte a coñecida, exemplificación, resumo).

Recoñecer e aplicar á comprensión do texto, os coñecementos sobre os constituíntes e a organización de patróns sintácticos e discursivos de uso frecuente na comunicación oral, así como os seus significados asociados (p. ex. unha estrutura interrogativa para expresar sorpresa).

Recoñecer léxico oral de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, estudos e ocupacións, e un repertorio limitado de expresións e modismos de uso frecuente cando o contexto ou o apoio visual facilitan a comprensión.

Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados cos mesmos.

b) Producción de textos orais: expresión e interacción

Producir textos breves ou de lonxitude media, tanto en conversación cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, nun rexistro formal, neutro ou informal, en que se intercambian informacións, ideas e opinións, se xustifican de maneira simple pero suficiente os motivos de accións e plans, e se formulan hipóteses, aínda que ás veces haxa vacilacións para buscar expresións, pausas para reformular e organizar o discurso e sexa necesario repetir o dito para axudar o interlocutor a comprender algúns detalles.

Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais en forma de monólogo ou de diálogo breves ou de lonxitude media e de estrutura simple e clara, explotando os recursos de que se dispón e limitando a expresión aos mesmos; recorrendo, entre outros, a procedementos como a definición simple de elementos para os que non se teñen as palabras precisas, ou comezando de novo cunha nova estratexia cando falla a comunicación.

Incorporar á produción do texto oral en forma de monólogo ou de diálogo os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais e convencións sociais nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional/laboral, seleccionando e achegando información necesaria e pertinente, axustando de maneira adecuada a expresión ao destinatario, ao propósito comunicativo, ao tema tratado e á canle de comunicación, e expresando opinións e puntos de vista coa cortesía necesaria.

Levar a cabo as funcións requiridas polo propósito comunicativo, utilizando un repertorio de expoñentes comúns de ditas funcións e os patróns discursivos habituais para iniciar e concluír o texto adecuadamente, organizar a información de maneira clara, ampliala con exemplos ou resumila.

Mostrar un bo control, aínda que con algunha influencia da primeira lingua ou outras, sobre un amplo repertorio de estruturas sintácticas comúns, e seleccionar os elementos adecuados de coherencia e de cohesión textual para organizar o discurso de maneira sinxela, pero eficaz.

Coñecer e utilizar léxico oral de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, estudos e ocupacións, e un repertorio limitado de expresións e modismos de uso frecuente.

Pronunciar e entoar os enunciados de maneira clara e comprensible, se ben os interlocutores poden necesitar repeticións se se trata de palabras e estruturas pouco frecuentes, en cuxa articulación poden cometerse erros que non interrompan a comunicación.

Manter o ritmo do discurso coa fluidez suficiente para facer comprensible a mensaxe cando as intervencións son breves ou de lonxitude media, aínda que poidan producirse pausas, vacilacións ocasionais ou reformulacións do que se quere expresar en situacións menos habituais ou en intervencións máis longas.

Interactuar de maneira sinxela pero efectiva en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou indicacións habituais para tomar ou ceder o turno de palabra, aínda que se poida necesitar a axuda do interlocutor.

c) Comprensión de textos escritos

Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves ou de lonxitude media e ben estruturados, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten de asuntos cotiáns ou menos habituais, de temas de interese ou relevantes para os propios estudos, ocupación ou traballo e que conteñan estruturas e un léxico de uso común, tanto de carácter xeral como máis específico.

Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e ideas principais ou os detalles relevantes do texto.

Coñecer e utilizar para a comprensión do texto, os aspectos sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e ocio), condicións de vida e contorna socioeconómica, relacións interpersoais (xeracionais, ou no ámbito educativo, ocupacional e institucional), e convencións sociais (actitudes, valores), así como os aspectos culturais xerais que permitan comprender información e ideas presentes no texto.

Distinguir a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización e ampliación ou reestruturación da información (p. ex. nova fronte a coñecida, exemplificación, resumo).

Recoñecer e aplicar á comprensión do texto, os constituíntes e a organización de estruturas sintácticas de uso frecuente na comunicación escrita, así como os seus significados asociados (p. ex. unha estrutura interrogativa para expresar sorpresa).

Recoñecer léxico escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, estudos e ocupacións, e un repertorio limitado de expresións e modismos de uso frecuente cando o contexto ou o apoio visual facilitan a comprensión.

Recoñecer as principais convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación, así como abreviaturas e símbolos de uso común e máis específicos (p. ex. &, ¥), e os seus significados asociados.

d) Producción de textos escritos

Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves ou de lonxitude media, coherentes e de estrutura clara, sobre temas de interese persoal, ou asuntos cotiáns ou menos habituais, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos de cohesión, as convencións ortográficas e os signos de puntuación máis comúns, e mostrando un control razoable de expresións, estruturas e un léxico de uso fre-

cuenta, tanto de carácter xeral como máis específico dentro da propia área de especialización ou de interese.

Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos breves ou de media lonxitude, p. ex. rephraseando estruturas a partir doutros textos de características e propósitos comunicativos similares, ou redactando borradores previos.

Incorporar á produción do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais e convencións sociais nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional/laboral, seleccionando e achegando información necesaria e pertinente, axustando de maneira adecuada a expresión ao destinatario, ao propósito comunicativo, ao tema tratado e ao soporte textual, e expresando opinións e puntos de vista coa cortesía necesaria.

Levar a cabo as funcións requiridas polo propósito comunicativo, utilizando un repertorio de expoñentes comúns das devanditas funcións e os patróns discursivos habituais para iniciar e concluír o texto escrito adecuadamente, organizar a información de maneira clara, ampliala con exemplos ou resumila.

Mostrar un bo control, aínda que con algunha influencia da primeira lingua ou outras, sobre un amplo repertorio de estruturas sintácticas comúns, e seleccionar os elementos adecuados de coherencia e de cohesión textual para organizar o discurso de maneira sinxela, pero eficaz.

Coñecer e utilizar léxico escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, estudos e ocupacións, e un repertorio limitado de expresións e modismos de uso frecuente.

Utilizar as convencións ortográficas, de puntuación e de formato máis frecuentes con razoable corrección de modo que se comprenda a mensaxe, aínda que pode darse algunha influencia da primeira ou outras linguas; saber manexar os recursos básicos de procesamento de textos para corraxir os erros ortográficos que se producen en textos de formato electrónico, e adaptarse ás convencións comúns de escritura en Internet (p. ex. abreviacións ou outros en *chats*).

Cualificación.

A cualificación será sobre 10 e o resultado obterase seguindo os seguinte criterios:

| | | |
|----------------------------------|-------------|-----------------------------------|
| Conceptos e procedementos | 80 % | Probos obxectivos escritas |
| | 20 % | Lecturas / Expresión oral |

2) Non presencial

No caso de ter que avaliar a distancia, de haber algunha avaliación presencial anterior, manterase a nota de Lecturas e Expresión oral. De non haber esas notas só se avaliarán as Probos Obxectivos Escritas realizadas telemáticamente

Promoción.

A avaliación será continua. Para a superación da materia o alumno terá que acadar un 5 na terceira avaliación, esa nota redondearase a partir do 4,5.

Pérdida do dereito a avaliación continua.

No caso de que un alumno/a de Bacharelato faltase de maneira inxustificada ao 10% das horas lectivas dunha materia, os criterios de avaliación non se lle poderán aplicar integramente, polo que o profesora-

do poderá recurrir a un sistema extraordinario de avaliación. Neste caso, o alumno/a terá dereito unicamente a unha proba especial final previa á avaliación ordinaria. O titor/a e o profesor/a da materia afectada, en canto o alumno supere o 10% das faltas inxustificadas permitidas, decidirán se modifican o sistema de avaliación.

O punto 2, apartado 4 do protocolo de absentismo, enumera as faltas de asistencia xustificables. En caso de faltas de asistencia non contempladas no devandito apartado, as faltas consideraranse non xustificables.

Tendo en conta que o curso escolar ten aproximadamente 30 semanas en 2º BAC, o número máximo de faltas inxustificadas, que dependerá do curso e da carga horaria da materia, detállase na seguinte táboa:

| Horas semanais da materia | 1º BAC | 2º BAC |
|----------------------------------|---------------|---------------|
| Materias de 1 hora semanal | 4 faltas | 3 faltas |
| Materias de 2 horas semanais | 8 faltas | 6 faltas |
| Materias de 3 horas semanais | 11 faltas | 9 faltas |
| Materias de 4 horas semanais | 14 faltas | 12 faltas |

Promoción.

A avaliación será continua. Para a superación da materia o alumno terá que acadar un 5 na terceira avaliación, esa nota redondearase a partir do 4,5.

H) INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Faranse reunións periódicas de todo o departamento para valorar o seguimento desta programación e para ver se se segue a temporalización aquí presentada, de maneira que se houber algún cambio será recollido no libro de actas do departamento, e a final de curso valoraranse os cambios necesarios de cara ó próximo ano.

Para elo fixarémonos se se cumpriron ou non os seguintes puntos.

- A consecución dos obxectivos foi positiva.
- Se se fomentou o uso das competencias na nosa área.
- A secuenciación foi correcta ou se deixou algunha unidade sen dar por falta de tempo.
- Os mínimos esixibles para promocionar estaban suxeitos á realidade.
- Se se atendeu á diversidade real con casos concretos.
- Se os criterios de avaliación eran os axeitados.
- Se os criterios de cualificación foron útiles e correctos.
- Se as actividades complementarias e extraescolares foron exitosas e os alumnos participaron con interese.

I) ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

1) Procedementos para a cualificación das materias pendentes:

Contidos esixibles.

Os contidos serán os mínimos que se recollen no apartado D2)

Actividades de avaliación.

Para as probas distinguiremos os alumnos que teñen a materia como 1ª L.E. e os que a teñen como 2ª L.E.

Os alumnos de 1ª L.E. terán que superar un exame por avaliación.

Os alumnos de 2ª L.E. poderán escoller entre facer un exame ou entregar un traballo en cada avaliación.

Criterios para superar as materias pendentes pola avaliación continua.

Os criterios serán os mesmos que se recollen no apartado G)

2) Programas específicos personalizados para o alumnado repetidor.

Este Departamento non dispón de horario para poder atender de forma presencial aos alumnos coa materia pendente. Cando o profesor que imparte nun grupo teña alumnos coa materia de Francés pendente dun curso anterior este atenderá e avaliará ao alumnos: periodicamente entregaralles fichas e exercicios que os alumnos deberá facer na casa pero que poderán consultar na aula co profesor. Cando os alumnos coa materia pendente non teñan un profesor (alumnos de 3º e 4º que non collen Francés) este serán atendidos polo Xefe de Departamento que tamén entregará periodicamente exercicios e fichas a realizar na casa e que atenderá as preguntas dos alumnos nos recreos.

L) ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DO BACHARELATO.

Contidos esixibles.

Os contidos serán os mínimos que se recollen no apartado D2)

Actividades de avaliación.

Os alumnos coa materia de Francés pendente serán atendidos e avaliados polo profesor que imparta a materia en 2º: periódicamente entregaránselles fichas e exercicios que os alumnos deberán facer na casa pero que poderán consultar na aula co profesor.

Os alumnos poderán escoller entre facer un exame ou entregar un traballo en cada avaliación.

Criterios para superar as materias pendentes pola avaliación continua.

Os criterios serán os mesmos que se recollen no apartado G)

M) DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

Para realizar a avaliación inicial utilizaremos o material complementario do método; "DIAGNOSTIC - tests de niveau (con CD audio)", para avaliar ós alumnos ó principio do curso e debuxar o seu perfil como alumno.

A atención á diversidade require unha intervención o suficientemente variada e diversificada como para que cada alumno encontre as condicións óptimas para desenrolar con éxito a súa aprendizaxe. Polo tanto, flexibilizar a intervención pedagóxica é unha condición obrigada se se quere atender adecuadamente á diversidade dos alumnos.

Esta diversidade queda reflectida nas diferencias que presentan os alumnos en canto a:

- Coñecementos previos.
- Ideas e representacións respecto á materia, neste caso, o francés.
- Intereses e expectativas.
- Aptitudes.
- Distintos ritmos de aprendizaxe.
- Diferentes estilos de aprendizaxe.
- Actitudes con respecto á escola.

A programación debe ter en conta estas diferencias e prever que todos os alumnos adquiran un nivel de coñecementos e destrezas mínimos ao final da etapa, procurando dar as oportunidades e os medios necesarios para compensar os elementos e destrezas non adquiridos no seu momento. Ao mesmo tempo, preve-

ranse novas fontes e materiais para satisfacer as necesidades de ampliación de aqueles alumnos que acaden máis rapidamente os obxectivos fixados.

Para favorecer o tratamento da diversidade, propónse o que parece ser o enfoque máis lóxico, é dicir, a diversificación.

1. Diversificación das técnicas e modalidades pedagóxicas

1.1. Organización do espacio-clase e agrupamentos do alumnado segundo:

- As actividades (rincóns de traballo, exposicións no exterior da clase...).
- Os intereses e as motivacións dos alumnos (reparto de tarefas en traballos cooperativos, de roles nas dramatizacións...).

1.2. Utilización de pluralidade de técnicas segundo os estilos de aprendizaxe do alumnado:

- Visuais (observación de debuxos, fotos...).
- Auditivas (cancións, diálogos...).
- Cinéticas (xogos, sketches...).
- Globalistas (proxectos, lecturas...).

1.3. Aplicación de distintas modalidades de traballo:

- Traballo individual, en parellas, en pequeno ou gran grupo.
- Traballo en grupo de corte individual (contribucións de cada alumno) ou cooperativo (negociación e contribución consensuada).

1.4. Utilización de diversos materiais e soportes:

- Auditivos.
- Escritos.
- Visuais.
- Telemáticos.

1.5. Alternancia de actividades e duración das mesmas:

- Itinerarios e secuenciacións propostas no libro do profesor.

1.6. Diversificación de contidos para un mesmo obxectivo:

- Manipulación de contidos distintos dentro dun traballo cooperativo.

1.6. Diversificación de actividades de aprendizaxe para un mesmo contido.

- Actividades de audición.
- Observación e traballo sobre a imaxe.
- Reflexión sobre a lingua.
- Traballo colectivo.
- Test.
- Reflexión sobre a propia aprendizaxe.

N) MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

- Todo profesor sabe por experiencia que non hai dous estudantes iguais e que, mesmo se ten que traballar ao comezo cunha clase de debutantes, a diversidade das personalidades e das maneiras de aprender de cada alumno produce cedo unhas diferenzas palpables dentro do grupo-clase. Isto é por outra parte o que orixina a riqueza e o interese da ensinanza a grupos. Nembargantes, o feito de que as clases estean hoxe cada vez máis compostas por alumnos de diversas linguas e nacionalidades, coma en Francia, e o feito de que a ensinanza secundaria obrigatoria acolla todos os alumnos, esixen un tratamento moito máis rigoroso cara á diversidade. Para os profesores, chega a ser indispensable dispor de ferramentas realmente útiles e eficaces para estas situacións de clases atípicas con relación aos anteriores decenios.

- Esta programación propón un traballo específico coa axuda de ferramentas *ad hoc* e unha reflexión en profundidade sobre o tema, coa finalidade de que a diversidade pase a ser unha riqueza onde converxan os diferentes niveis e non unha situación que favoreza a división entre niveis máis diverxentes cada vez. Trátase de axudar ao alumno a aceptar as diferenzas entre as persoas, os países, as culturas, os acentos; pero tamén as maneiras de aprender. Trátase, para o alumno, de crecer coñecendo os demais, e por tanto coñecéndose a si mesmo.

- As propostas feitas nesta programación para tratar a diversidade na aula non implican o engadido de exercicios complementarios fóra dos propostos polo Libro, senón o traballo de varios grupos en paralelo sobre determinadas actividades do Libro a partir dunhas fichas que propoñen estratexias diferentes, máis ou menos complexas. Por outra parte, este modo de traballo a varios niveis na clase non está nunca imposto: efectivamente, é o profesor quen decide a súa utilización ou non, segundo as circunstancias.
- Ademais de ferramentas axeitadas para facilitar o traballo colectivo diferenciado en clase, en grupos de diferente sensibilidade ou nivel, apórtase abondo material específico para que o profesor poida axudar a cada alumno, individualmente, a que desenvolva o seu propio potencial, reforce as súas capacidades e coñecementos e, no seu caso compense supostas carencias: fichas fotocopiáveis e Portfolio concibidas para tal fin.

Así pois, esta programación aplica os contidos do Real Decreto no referente ao tema da diversidade (Artigo 12, Atención á diversidade, punto 1): “A educación secundaria obrigatoria organízase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade do alumnado. As medidas de atención á diversidade nesta etapa estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias básicas e os obxectivos da Educación secundaria obrigatoria, e non poderán, en ningún caso, supor unha discriminación que lles impida alcanzar eses obxectivos e a titulación correspondente.”

Ñ) CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA.

Tomando a competencia lingüística como punto de partida, ofrécese a posibilidade de contribuír á adquisición tanto de competencias en campos máis próximos e inmediatos, como poden ser as competencias social e cidadá, artística e cultural, ou ben máis persoais, empregando recursos e estratexias propias, aprender a aprender, autonomía e iniciativa persoal, tratamento da información e competencia dixital; pero tamén desenvólvense capacidades vencelladas ao mundo matemático e ao mundo físico.

Por tanto, ofrécese unha dimensión integradora da aprendizaxe, presentando o seu proceso como un todo que non pode prescindir de ningún dos seus elementos.

Por outra parte, a aprendizaxe das linguas estranxeiras é un elemento fundamental para a comunicación entre os homes de distintos países, supón unha vontade de cooperación, un interese pola pluralidade cultural, ademais da súa incidencia na maior preparación para o mundo laboral. Novamente referímonos ao texto do Real Decreto: “A aprendizaxe dunha segunda lingua estranxeira incide na formación xeral e contribúe especificamente a desenvolver as capacidades da linguaxe e da comunicación. Máis especialmente e en relación coas finalidades desta etapa, prepara o alumnado para usar esa lingua nos seus estudos posteriores ou na súa inserción no mundo do traballo.”

A incorporación de materias transversais na clase de lingua estranxeira permite exercitar non só as capacidades intelectuais dos estudantes senón tamén e esencialmente as súas capacidades afectivas, motrices, as súas capacidades de relacións interpersoais e de inserción social. A finalidade que se persegue nesta programación é que os adolescentes poñan en práctica a través destas materias o seu xuízo crítico en relación cos problemas e os conflitos sociais, persoais ou de relación, para seguidamente ser capaces, fronte a estes, de ter actitudes e comportamentos baseados en valores racionais e libremente asumidos. A transversalidade contribúe así (máis aló da simple transmisión dos coñecementos) á formación do carácter, polo desenvolvemento das capacidades de autonomía, de creatividade, de sociabilidade e de intervención sobre o medio natural, para transformalo e melloralo.

Os valores e actitudes que se traballan son os seguintes: igualdade (non discriminación, non dominación), solidariedade (fronte ás diferentes formas de explotación e de egoísmo), xustiza (defensa dos dereitos individuais e colectivos, oposición cando estes son lesionados), liberdade (oposición a calquera tipo de escravitude e de non recoñecemento do espazo reservado para as decisións persoais, saúde (reacción fronte á desvalorización do corpo e do benestar en xeral).

O) ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS POR CADA DEPARTAMENTO DIDÁCTICO.

Este curso, debido ao protocolo COVID parece improbable a realización de actividades habituais como:

- Asistencia a unha obra de teatro en francés.

Pero, dentro do posible intentarase manter as seguintes;

- Posibilidade de escribirse con rapaces francófonos por correo tradicional ou electrónico.
- Posibilidade de participar en algún concurso organizado por asociacións culturais francófonas (por exemplo: Des mots pour voir: "Quelle histoire!" Concours d'écriture international par Internet pour les jeunes francophones 10° anniversaire).

P) MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Faranse reunións periódicas de todo o departamento para valorar o seguimento desta programación e para ver se se segue a temporalización aquí presentada, de maneira que se houber algún cambio será recollido no libro de actas do departamento, e a final de curso valoraranse os cambios necesarios de cara ó próximo ano.

Para elo fixarémonos se se cumpriron ou non os seguintes puntos.

- A consecución dos obxectivos foi positiva.
- Se se fomentou o uso das competencias na nosa área.
- A secuenciación foi correcta ou se deixou algunha unidade sen dar por falta de tempo.
- Os mínimos esixibles para promocionar estaban suxeitos á realidade.
- Se se atendeu á diversidade real con casos concretos.
- Se os criterios de avaliación eran os axeitados.
- Se os criterios de cualificación foron útiles e correctos.
- Se as actividades complementarias e extraescolares foron exitosas e os alumnos participaron con interese.

Ferrol, a 20 de setembro de 2022



Asdo.) X. Luís Rivas Fernández